



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

## **Resolución da alcaldía para aprobación do listado definitivo de admitidos e nomeamento do tribunal cualificador no proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 5 traballadores desempregados beneficiarios da Risga**

### Antecedentes:

- Resolución da Consellería de Emprego e Igualdade (Xefatura Territorial de Pontevedra.) Servizo de emprego e economía social de Vigo, que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Bueu con data 27/07/2021 (2021-E-RC-3895) concedendo subvención para contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA polo importe de 60.735,74€.
- Resolución da alcaldía núm 2021-1012 de data 12/08/2021 e Cod. Validación: 4WAL3W3NNJXTC2AG4PGENFA4D, de aprobación de bases para a contratación en réxime laboral temporal de 5 traballadores desempregados beneficiarios da RISGA.
- Oferta de emprego do posto de peón de obras e servizos varios para o servizo de inclusión subvencionado pola Consellería de Emprego e igualdade ó abeiro do programa de subvención para a contratación de persoas en risco de exclusión, Cod. Validación: 33QN2C2Q37N56FGXD44P7PA5S
- Oferta de emprego do posto de Auxiliar adm. para o servizo de inclusión subvencionado pola Consellería de Emprego e igualdade ó abeiro do programa de subvención para a contratación de persoas en risco de exclusión, Cod. Validación: ARTP4GRGK34FWZKJWXGDFCK67

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación laboral temporal de contratación de 5 traballadores desempregados beneficiarios da RISGA, durante 9 meses a unha xornada do 75% da xornada ordinaria

### Consideracións xurídicas:

- Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 500/1990, que desenrola a Lei de Facendas Locais en materia de presuposto e gasto público.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público
- Lei 2/2015, de Emprego Público de Galicia
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores
- Artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de Abril de Bases de Réxime Local
- Bases de Execución do Orzamento en vigor.
- Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado.

Concello de Bueu- Departamento de Persoal-Intervención





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- Real Decreto 861/1986, polo que se establece o réxime das retribución do persoal ao servizo da Administración Local.
- Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Bueu
- Orde do 12 de abril de 2021 DOG núm 78 do 21 de xaneiro de 2020 da Consellería de Emprego e igualdade que establece as bases reguladoras para contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA)
- Bases Reguladoras da presente convocatoria

Polos antecedentes anteriores Resolvo:

Primeiro: Aprobar o listado definitivo de persoas que solicitaron formar parte neste proceso selectivo en canto reúnen tódolos requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e que de seguido se indican:

#### ADMITIDOS AUX. ADMINITRATIVO

Fariña Aldado Eva  
Fernandez Pena Nicolasa

#### PEONS OBRAS E SERVIZOS

Dominguez Sanjorge Rosario  
Estévez Pastén, Juan José  
Gómez Núñez Alberto  
Márquez Martínez Dina  
Otero Rea Raquel  
Silva Soto Oscar

Segundo: Nomear ós membros que a seguir se relacionan, como integrantes do tribunal para o proceso de selección.

Presidente:

Titular: Jaime Sixto García (Tesoureiro Actal. do Concello de Bueu)  
Suplente: Marcos Vazquez Campaña (Interventor do Concello de Bueu)

Secretaria:

Titular: Angela Agulla Cabodevila (Auxiliar Administrativa do Concello de Bueu)  
Suplente: Isabel Navarro Lustre (Auxiliar Administrativa do Concello de Bueu)

Vogais:

Titulares:

1. Carmen Gamarra Gamarra, Directora da Oficina de Emprego de Cangas
2. María Blach Leyenda, técnica do equipo de inclusión sociolaboral de Marín, en representación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
3. Belarmino Barreiro Rosales (Arquiveiro do Concello de Bueu)

Concello de Bueu- Departamento de Persoal-Intervención





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Suplentes:

1. Juan Carlos Enriquez López (Titulado superior oficina emprego Cangas).
2. Ana I Rodriguez Otero, técnica superior equipo inclusión sociolaboral de Marín, en representación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
3. José Francisco Budiño Pereira (Administrativo do Concello de Bueu)

Todos os membros do tribunal actuarán con voz e voto. O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

O Tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases. A actuación do tribunal rexerese polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015.

Terceiro: Convocar ós membros do Tribunal á constitución do mesmo deliberación e formulación de proposta de Contratación, acto que terá lugar o vindeiro luns 23 de agosto de 2021 ás 10 horas no Concello de Bueu.

Cuarto: Dar conta desta Resolución ós nomeados para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

Quinto: Publicar esta Resolución no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Bueu, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web municipal (concellodebueu.gal).

*Documento asinado electronicamente á marxe.*

